



Agrelo, o teatro e o pobo

Pablo Núñez Núñez

Ede sobra coñecido a auténtica paixón que Xosé Agrelo procesaba polas artes escénicas, que se adicou durante moitos anos a cultivalas (toda unha vida), exercendo como actor, director, fundador de grupos e autor, e colleitou un gran número de éxitos facendo un teatro limpo, directo, con escasos medios materiais pero con moitos recursos humanos, fuxindo de modas e tecnicismos, un teatro como el o quería e concebía, un teatro do pobo e para o pobo, doado de entender, que o mesmo tempo que entretén, leva mensaxe, fai cavilar.

Posiblemente, os seus inicios no teatro haxa que buscalos na etapa de seminarista en Santiago nos anos 50. Alí, como relata na súa novela autobiográfica "OS SETE COITELOS" (1994), exerceu de axudante de dirección en diversas obras cos seus compañeiros aspirantes a cregos. O teatro debíase considerar moi importante na formación do alumnado pois como di textualmente (aínda que posto en boca de outro) na citada novela referíndose a catedral e ós curas "...ese si que é teatro, e mais do bo. ¡Que luz! ¡Que escenario! ¡Que son! ¡Que decorados! E sobre todo ¡Que actores!".

Na súa estadía en Madrid, ó deixar o seminario, entra en contacto directo coa comedia española tan en boga naqueles anos de censura, onde a risa era das poucas vías de escape naquel estado opresor.

No regreso a Noia, a comezos dos 60, aporta os seus coñecementos a proxectos promovidos pola Sociedade Liceo.

É nos 70, coincidindo coa súa toma de con-

ciencia nacionalista, cando funda e dirixe o grupo "Candea", para o que escribe e representa tres pezas de teatro, "O MESTRE", "META E META" e "NOITE DE LOBOS", publicadas nun libro, "CANDEA 70" (1989). Unha nova ferramenta: o teatro como medio para a redención do pobo asoballado.

Ó mesmo tempo, xa exercendo como mestre no colexio de Esteiro, funda e dirixe o grupo de teatro escolar "Agrocobo" polo que pasarán centos de rapaces, nunha laboura continuada durante casequé de trinta anos ate a súa xubilación como docente no 2003. Froito do seu traballo en "Agrocobo" publicara un manual didáctico, "O XOGO DRAMATICO (DE, CON, POR, PARA NENOS)" (1990)

A comezos dos 80 funda e dirixe o grupo "Xestruxo", formado por ex-alumnos, que levará por Galiza adiante con diferentes pezas propias e alleas.

Despois de colaborar de novo coa Sociedade Liceo de Noia, funda e dirixe "O Xeito Teatro" no 2004, levando a cabo dous proxectos: a farsa "O ACHADO DO CASTRO" de M. Núñez Singala,, e "OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE" de A.D.R. Castelao, o seu pasamento prodúcese cando xa traballaba noutra obra que non chegou a ver representada.

Agrelo ocupa, sen dubida, un lugar destacado na historia do teatro galego, entre outras razóns, por achegar o teatro ó pobo. Agora só nos queda ofrecerlle (como el mesmo dixo) a maior homenaxe que se lle pode facer a un autor de teatro: representar as súas obras. ➤